

COMPOSICIÓN HISTÓRICA 5

Os seguintes documentos deben permitirche facer unha redacción sobre a reforma agraria liberal e as desamortizacións. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, aos obxectivos da reforma agraria liberal e das desamortizacións, ao desenvolvemento do proceso desamortizador e ás súas consecuencias e efectos (políticos, económicos e sociais).

Doc. 1. Real Decreto de desamortización dos bens do clero regular [Desamortización de Mendizábal] (19 de febreiro de 1836):

“Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anhear a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade (...), crear una copiosa familia de propietarios (...).

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”.

Doc. 2. Valor dos bens desamortizados (1836-1900):

VALOR DOS BENS DESAMORTIZADOS (1836-1900) (en millóns de reais)					
Período	Clero	Beneficencia	Municipios	Outros	TOTAL
1836-1844	3.447	0	0	0	3.447
1855-1856	324	167	160	116	797
1858-1867	1.253	461	1.998	438	4.150
1868-1900	888	327	1.415	309	2.939
TOTAL	5.912	955	3.573	863	11.303

Fonte: G. Tortella, *El desarrollo de la España contemporánea*, Barcelona, Ariel, 1994.

Doc. 3. O xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente axuíza así a desamortización:

“En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras “mans mortas” non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar e, por conseguinte, a desamortización foi un feito consumado (...).

Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada (...). Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro”.

Fonte: F. Tomás y Valiente, *El marco político de la desamortización en España*, Barcelona, Ariel, 1971, p. 157.